

VI. ANUNCIOS**C) OUTROS ANUNCIOS****FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA**

ANUNCIO polo que se convoca o proceso selectivo para cubrir unha praza de persoal.

Praza: un/unha (1) técnico/a superior de aplicacións (referencia: INT-22-TSAPLI).

Modalidade contractual: contrato temporal de substitución de persoa traballadora, para cubrir o posto durante o proceso de selección ata a súa cobertura definitiva, regulado polo disposto no Estatuto dos traballadores aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, pola Lei 12/2001, do 9 de xullo, e polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro.

As bases do proceso selectivo están expostas na sede do Cesga (avenida de Vigo, s/n, Campus Vida, 15705 Santiago de Compostela) e na páxina web <https://www.cesga.es/gl/transparencia-2/emprego/>

O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Todas as notificacións que a partir deste momento se orixinen como consecuencia deste proceso selectivo se farán públicas na páxina web do Cesga.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2023

Lois Orosa Nogueira
Director xerente da Fundación Pública Galega
Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

